

FICHA DE INSCRIPCIÓN

ID Centro

Inscríbete na XV edición de Kilómetros de Solidariedade.

Cubre a inscrición e envíanola antes do sábado, 20 de outubro de 2018. Se xa expirou o prazo de inscrición podes contactar connosco no 91 513 05 00.

Inscríbete na web
savethechildren.es/inscribetekm

Envía a ficha por email a
carrera@savethechildren.org

Chama ao teléfono
91 513 05 00

Envíala por fax ao
91 552 32 72

Por favor, cubre os seguintes datos para axudarnos a preparar mellor a actividade convosco.

Coordinador da actividade

Nome e apelidos
Correo electrónico Teléfono
Cargo ou materia Sinatura

Profesor participante

Nome e apelidos
Correo electrónico Teléfono
Cargo ou materia Sinatura

Datos do centro (por favor, indícanos os cambios que se produzan nestes datos)

Nome
Enderezo CP
Localidade Provincia Teléfono
Correo electrónico

Nº de alumnos participantes (aprox)

Profesores participantes

Data aproximada da actividade

Materiais para os corredores

Dorsais
Diplomas
Carné de corredor

(Por favor, sede o máis exactos que poidades nas cantidades que precisades. Deste xeito poderemos xestionar mellor os materiais. Se non precisades dalgún dos materiais sinaládeo cun cero na casa que corresponda, grazas!)

Informámoste de que, en conformidade coa normativa de Protección de Datos vixente, os seus datos persoais serán tratados pola Fundación Save the Children co fin de xestionar administrativamente a nosa relación e informarlle das nosas actividades escolares e, se nos dá o seu consentimento marcando o cadro correspondente, enviarlle comunicacións de informacións solidarias. Este tratamento de datos é imprescindible para executar o presente acordo e queda lexitimado para os efectos indicados polo consentimento dado. Pode oporse libremente a recibir comunicacións comerciais, sen que iso condicione a execución do acordo.

Os seus datos conservaranse durante o tempo legalmente establecido ou ata que os revogue.

Podé exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, transferibilidade e limitación do tratamento dos seus datos dirixíndose a FUNDACIÓN SAVETHE CHILDREN, c/ Doctor Esquerdo, 138, 2º andar, 28007 de Madrid, a help@savethechildren.org, ou acompañando copia do seu DNI que acredite debidamente a súa identidade. En calquera situación, ten dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos.

Marque este cadro se desexa recibir materiais informativos.



1919-2019, CEN ANOS FACENDO REALIDADE OS DEREITOS DOS NENOS E NENAS

En 1919, pouco despois da fin da I Guerra Mundial, Eglantyne Jebb, unha mestra inglesa, decidiu comezar unha campaña de protesta e recadación de fondos para axudar os nenos austríacos marcados polos efectos da gran guerra.

A súa rebeldía levouna perante un tribunal por traidora aliada co inimigo, mais a súa forza conseguiu que a absolvesen e que o fiscal doase os cartos a prol da infancia e, xunto a el, centos de cidadáns británicos que recadaron máis de 10.000 libras da época para alimentar a milleiros de cativos austríacos e alemáns. **O 19 de maio de 1919 nacía Save the Children ao tempo que lanzabamos a nosa primeira resposta a unha emerxencia humanitaria.**



“Save the Children adoita escoitar que os seus obxectivos son imposíbeis, que sempre houbo sufrimento infantil e sempre o haberá. Sabemos que non hai nada imposíbel a menos que nós o fagamos imposíbel. Só é imposíbel o que nos negamos a tentar.”

Eglantyne Jebb

Este curso habemos cumprir 100 anos e levamos 15 xunto aos mestres, mestras, alumnas e alumnos... que fixeron posíbel o noso traballo. Mais para que poidamos seguir axudando a nenos e nenas precisamos de vós e de centros coma o voso.

Convidámostos a celebrar o noso centenario cunha gran carreira solidaria e **cun gran reto: un millón de cativos axudando a outro millón de cativos e cativas aos que a guerra privou de escola.**

Xuntos podemos conseguilo!



QUILÓMETROS DE SOLIDARIEDADE



XV Edición Carreira Escolar, 2018-2019

15 anos correndo
a prol dos dereitos da infancia

Apúntate!

CARREIRA ESCOLAR A PROL DO DEREITO Á EDUCACIÓN



POR QUE PARTICIPAR NESTA CARREIRA SOLIDARIA?

Vivir refuxiado ou no medio dun conflito armado non é sempre vivir. Sobre todo, cando non tes acceso ao básico. Cando a comida chega por contagotas, cando estar doente pode ser un motivo de morte, cando non hai un parque no que xogar ou unha escola á que ir.




SETE ANOS SEN ESCOLA

As pequenas sirias que agora fan sete anos viron como a súa vida foi mudando consonte avanzaba a guerra. Naceron en guerra e son moi pequenos para lembrar como era a súa vida en Siria. **Chámanlle “fogar” aos campos de refuxiados** e esa realidade é a única que moitos coñecen. Para os nenos e nenas refuxiados a escola non debería de ser un luxo, porque **a educación salva vidas** e é a mellor forma de devolverlles a esperanza e a oportunidade de teren un futuro mellor, namentres no presente se recuperan da violencia vivida.

Sen axuda non van ter futuro; **nunca serán nada do que poderían devir**. Por iso pedímosche que lle poñas voz ós refuxiados máis novos e vulnerábeis e participes co teu centro na nosa carreira solidaria.

Axúdanos a conseguir **educación para os nenos e nenas vítimas de conflitos!**

COMO ORGANIZAR A CARREIRA?



UN RETO

1 millón
de cativos que axuden a outros cativos

ÁREAS CURRICULARES

- Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais
- Educación Física
- Valores éticos e valores sociais e cívicos

SEN EDUCACIÓN NUNCA HAN SER O QUE SOÑAN SER

Todos os cativos e cativas teñen dereito a aprender e estaren protexidos, mais este dereito desaparece cando unha cativa ou cativo teñen que fuxir do seu lugar de orixe. O noso obxectivo é conseguir que todos os cativos e cativas que viven refuxiados ou son vítimas de conflitos armados recuperen a súa educación e poidan ser o que soñan.

COMO ACADAR ESTE OBXECTIVO?

Cativos que axudan a cativos: unha carreira a prol dos dereitos da infancia, onde as cativas e cativos calzan as súas deportivas, corren e conseguen fondos para apoiar os nosos programas en educación, supervivencia e protección.

MÁIS CA UNHA CARREIRA, UN PROXECTO EDUCATIVO

- **Deportivo:** unha actividade física que fomenta hábitos de vida saudábeis e educa en valores.
- **Pedagóxico:** con material didáctico que axuda ós alumnos e alumnas a coñecer outras realidades distintas das súas e a poñer en contexto as inxustizas existentes no mundo.
- **Solidario:** coa participación e o compromiso de toda a comunidade educativa para acadar un obxectivo común, un mundo máis xusto.

Todo o material necesario sen custo para o centro.

15 ANOS CORRENDO A PROL DOS DEREITOS DA INFANCIA

Máis de 6.000 centros de ensinanza de todo o país participaron nesta carreira solidaria. Alumnos dende os 0 aos 18 anos corren a prol dos dereitos da infancia. Este curso queremos superar esa cifra facendo que **un millón de nenos e nenas apoiem a outro millón de nenos e nenos que quedaron sen escola por mor da guerra, axúdanos a conseguilo?**

Colaboran:

TOURLINE EXPRESS



Tes máis preguntas sobre como apuntarte e organizar a carreira?
Visita a nosa web savethechildren.es/kilometros ou chama ao 91 513 05 00